

o demo a Subodor





o demo a Subiodor



Promove:
Vaipolorrío

Edita:
Concello de Pontevedra.

Texto:
Calros solla

Ilustracións:
Chica pájaro

Melodía "O demo asubiador":
Rosalía Rodríguez

Amigurimi:
Pebie Crochet

Deseño, maquetación e impresión:
Encaja, gestión de recursos gráficos

D.P.: PO 169-2014

Cadrando coa chegada do aninovo, co primeiro día do ano, o demo asubiador espreguízase e bótase aos camiños na procura dun paisano calquera. Así que escolle o coitado, xa non o desprende; gabéalle polo lombo, séntalle no fros e, acaroándolle o bico á orella, rechíalle unha cantata que se lle ensarilla nos miolos.

Coa mesma, o porvise despídese da súa vítima que, sen remedio posíbel, bota o ano enteiro apalermado, desorientado, aboubado, respondendo sen que lle pregunten, acudindo onde non o chaman; nunha palabra, antaruxado.

Entre trasno e demachiño, o demo asubiador é diabo pequeneiro natural da ribeira dos Gabos, manancial desatado que outros nomean río de Tomeza.

O demo asubiador, que apenas levanta unha polgada do chan, viste polainiñas de pana lúida con furo na croca para acanear o rabo, camisa azul de flanela e chaleque da festa. Nos pés, calza uns vellos tamancos, semp
re desamalloados, cos que achanca lixeiro corripas, levadas e peares.

A maiores, gasta monteira de feltro, enfeitada cunha pluma de alavanco.

A pucha outórgalle o don da ubicua invisibilidade.

O demo asubiador é á nosa mitoloxía o que a saramaganta á zooloxía de noso: un endemismo. Como ser endémico ao xeito, abóndalle con roldar os seidoiros do Gabos et non plus ultra, fío de auga doce que acaba amecendo no mar de Pontevedra.



O demo asubiador, ubicuo gardarríos, rolda, ida e volta,
os 10.830 metros de leito fluvial, dende a fonte do
Salgueiriño deica ás Corvaceiras, sen excluír, malia o
seu fastío, os 525 metros de canle que, coma burca de
cemento, oculta o Gabos da vista da xente no seu
discorrer pola chá de Campolongo.

Dende a nacemento e por encadeado encantamento, o río
vai adoptando diversas fasquías, avíndose a un
travestismo de subsistencia: de camponés a señoritingo,
no atravesar dunha ponte; de señorito a paria,
atravesando outra, e de
paria a célebre navegante,
aínda unha terceira. Canto
esforzo do río por
favorecer a súa integración,
sempre alleo na súa propia terra.



○ demo asubiador ten aqueles predios en por seus, aínda que a lexítima propiedade non conste en rexistro ningún. Ao demo asubiador, cando lle balan de protocolos notariais, sae con aquilo de "Asubíalle, asubíalle, asubíalle que vai vento; tamén eu asubío cando lle chega o tempo". - de aí non o sacas.

○ demo asubiador é oriúndo da nación máxica, daquela, como acontece con todos os da súa estirpe, carece de documentación acreditativa.


A ollos da fusca policía, outro sempapeis, vaia.





Disque, nunha ocasión, un celoso membro "de las
Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado", o
sorprendeuno no conto do Pintos pescando ao
boliche e, no cumprimento do seu deber,
requiriulle o DNI.

O demo asubiador, pousou os aparellos,
mirouno de esquello, meteu as mans nos petos,
subiu as calzas até a altura do embigo, inchou o
bandullo e, con aire desafiante, espetoulle:
"Entraspernas!".



Immune ao desafiuzamento, o demo asubiador
habita unha caracocha das moitas que
esmorecen naquela varcia. Mais,
cando non é cachopa, ben lle vale
unha espenuca, e cando non, a
toqueira dunha lontra.

Agora ben, o demo asubiador, sendo diabo como é, o que máis lle presta é sonear no inferno dalgún muíño folgado.

O demo asubiador sabe da cisma dos labregos polas extremas, polo que, decote, remexe nos marcos, móveos de sitio, ás veces unha cuarta escasa, ás veces legua e media. Os aldeáns, un día amencen fidalgos e, ao seguinte, pobres de pan pedir. A parroquia de Tomeza, ora ten saída ao mar, ora nin ferrado de terra onde botar unhas poucas patacas. Propágase a confusión e a sospeita.





Os veciños discuten no adro tras a misa,
porfían nas tabernas, ameázanse,
bótanse maldicións, algúns mesmo
chegan ás mans. Moito ri o demo
asubiador con estas falcatruadas.

A por de ver pasar o tren, o demo
asubiador adeprende ferroviario
e, de abesullar dende a
platoforma, fixo amizade co
xefe da estación de
Figueirido. O demo
asubiador escusa o chifre
reglamentario, dándolle a
saída ao ferrobús a forza de
ben compasado asubío.

Segundo contan, outra das aduanadas do demo
asubiador é a de asexar as parellas de namorados que,
naquela frondosa amenidade,
refocilan a nudez dos seus
corpos ao agocho da
mataqueira. O demo
asubiador ten por
inconfesábel costume
importunar os amantes
facéndolles cóxegas nas
partes pudendas cunha
palla de centeo. Porén,
como cadaquén domea como
pode as súas perwersións, hainos
que son gustantes e moito agradecen o
maino fedellar do noso pillabán.



Como calumniar é de balde, tamén se lle apón ao demo asubiador o mal hábito de agardar ao agacho das



pontes o paso dalgunha dona desapercibida. Procura, xa que logo, o asubiador un pasadeiro de taboleiro regañado ou desprovisto de peitorís, para recrearse na visión das enaguas, das bragas ou das entrepernas en porrancho. Hai anos, o demo asubiador adoito se deixaba caer polo resío da ponte da Condese, pois, ao parecer, aquela señorita tiña as pernas máis brancas e dereitas de cantas atusmara pola comarca.

O demo asubiador é unha criatura que anda pola hora vella, renega das modas e prodúcelle enfastio a teima das mulleres por ocultar as coxas baixo a tea dos pantalóns.

De calquera xeito, o demo asubiador ten adaptado os seus feitos aos novos tempos e se antano gozaba facendo cameiros nas searas, amordicando a froita madura, axotando os rabaños, tornándolles a auga aos regantes, apeándolle o muíño ou mexándolle na fariña ao maqueiro, hogano tamén lle praxe deixar sen cobertura o teléfono dos que



percorren a paso lixeiro a vereda dos Gafos, aburados pola taxa do colesterol.



Falar fábase a barullo do demo asubiador, mais, quen o viu e coñeceu, fite a fite, foi o señor Pedro Aboi, natural do lugar de Figueirido. O señor Pedro Aboi contounos, de boca do propio perello, que entre os moitos labores que lle ten encomendado o

Demo maior, o seu patrón, o máis nomeado é o de asubiarlles na orella aos parroquianos, de aí o seu chamadeiro.

Cómpre advertir o lector que "Pedro" é un dos moitos nomes cos que asina o diabo.

As argalladas do demo asubiador, canda outros innúmeros prodixiosos, débense pór en relación coa época na que acontecen: o solsticio de inverno e, en concreto, co intre marabilloso no que, esgotado o ciclo do ano vello, principiamos a andaina pola senda esperanzada dunha nova xeira.

O asubío do demo é potente feitizaría que anula de vez as vontades, e os que vadian pola ourela do Gabos están expostos aos seus indesexados efectos. É coñecido na vila do Lérez o arrepiante caso dun grupo de excursionistas que, tras compartiren unha tarde de lecer naquela veiga avesía, ao pouco, todos a unha, sen máis explicación, de día santo en día santo, déuselles por acudir ao río, na procura de plásticos, botellas e outros

trastes que os demais non queren.
- disto vai alá unha década.


Eles quitanlle importancia ao asunto, aducindo que forman parte dun grupo ecoloxista (Vaipolorío ou cousa así), mais, o certo é que, dende aquelas, cangan coa perdurábel maldición de limpar o río de inmundicia.



Recoméndaselles, pois, aos paseantes prudencia.

Tal vez, por mor da crise que estamos a padecer ou polas estrambóticas medidas que se toman para combatela, corre estes días polas rúas da Boa Vila outro ruxerruxe. Cren os pontevedreses que o demo asubiador leva tres aninvos asubíandolle na orella ao mesmo incauto conveciño.

Déuselle tanto creto ao rumor que, a cidadanía, consciente das nefastas repercusións, solicitoulles aos parentes do interfecto que, sen demora, lle apliquen nas tempas unhas reconstituíntes fregas de sal, pregándolles, así mesmo, que manteñan o palermo afastado o máis posíbel da beira do Gabos, polo ben de todos.





CONSELLO DE
PONTEVEDRA



vaipolorio
PROTECCIÓN, ESTUDIO E DIVULGACIÓN
DO RIO DOS GALEGOS
www.vaipolorio.org

REALO

